

**BONOS DIXITAIS PARA A CONECTIVIDADE DE COLECTIVOS VULNERABLES ( AP400A)**  
**AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA**

**Concepto**

1. O bono dixital contribuirá a financiar a **contratación de novos servizos de conexión a banda larga ou o incremento da velocidade dos xa contratados** desde unha localización fixa e irá destinado a persoas físicas de unidades familiares que fosen identificadas como vulnerables.
2. O bono dixital permitiralle ao solicitante unha **minoración mensual de ata 20 euros na factura emitida pola entidade** colaboradora elixida **durante un período de ata 12 meses, chegando a acadar como máximo os 240 euros.**
3. O recoñecemento do dereito a recibir o bono dixital a unha unidade familiar e a contía do dito bono é independente do número de membros integrantes dela.

**Persoas beneficiarias**

1. Persoas que xa sexan beneficiarias das prestacións públicas da RISGA da Xunta de Galicia ou do IMV do Goberno de España.
2. Calquera outra persoa física maior de idade con ausencia ou déficit grave de recursos económicos ou que se atope en situación ou risco de exclusión social. Considerarase ausencia ou déficit grave de recursos económicos cando na unidade familiar o nivel de renda sexa igual ou inferior a:
  1. 1,25 veces PREM 2022 (10.132,85 € ) se non existe unidade familiar ou non hai menores nesta.
  2. 1,75 veces o IPREM 2022 ( 14.185,99 € ) se hai menores na unidade familiar.
3. Estar empadroado/a e ter residencia en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Só se poderá conceder un bono dixital por persoa física e por unidade familiar.

## **Solicitudes**

As persoas interesadas poderán presentar as solicitudes a través do formulario normalizado, Anexo I dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) ou ben de xeito presencial en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Recoméndase a presentación telemática a través dos servizos sociais comunitarios.

## **Prazo**

O prazo rematará o 15 de novembro de 2023.

## **Máis información**

Servizos sociais comunitarios do Concello de Touro

Teléfono: 981504000/29. Extensión: 1

[DOG 136 do 18/7/2023 - RESOLUCIÓN do 4 de xullo de 2023 pola que se convocan subvencións para o ano 2023, en réxime de concorrencia non competitiva, do Programa de emisión de bonos dixitais para colectivos vulnerables \(Programa UNICO-Bono social\), enmarcado no investimento C15.I3 do compoñente 15 do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU \(código de procedemento AP400A\). \(xunta.gal\)](#)